

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 6 de agosto de 2021, da Área de Deseño de Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción de senda na PO-548 (puntos quilométricos 2+970-3+200) e continuidade nunha vía municipal, de clave PO/19/072.06.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas no trámite de información pública, ditou o 6 de agosto de 2021 a seguinte resolución:

«Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción de senda na PO-548 (puntos quilométricos (pp.qq.) 2+970-3+200) e continuidade nunha vía municipal, de clave PO/19/072.06.

Antecedentes de feito.

Primeiro. A actuación obxecto do proxecto consiste na execución dunha nova senda peonil na PO-548, no Concello de Valga, que permita dar continuidade á xa existente e habilitar un espazo seguro para viandantes, así como a reordenación da intersección existente no punto quilométrico (p.q.) 3+910, impedindo a realización de movementos que provocan situacións de risco.

Segundo. No DOG núm. 60, do 30 de marzo de 2021, publicouse o Anuncio do 12 de marzo de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de senda na PO-548 (puntos quilométricos (pp.qq.) 2+970-3+200) e continuidade nunha vía municipal, de clave PO/19/072.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto do 26 de abril de 1957.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.



Fundamentos de dereito.

Primeiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG nº 179, do 20 de setembro).

Segundo. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da Administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais en que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, o Concello de Valga deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.



De acordo con todo o exposto, e tras os informes e certificados presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública de senda na PO-548 (pp.qq. 2+970-3+200) e continuidade nunha vía municipal, de clave PO/19/072.06.

Segundo. Aprobar o proxecto de construción de senda na PO-548 (pp.qq. 2+970-3+200) e continuidade nunha vía municipal, de clave PO/19/072.06, mantendo o trazado aprobado inicialmente como definitivo.

Terceiro. Conforme establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Valga deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2021

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Deseño de Infraestruturas

